

## PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

### PARTE I

#### **PROBA DE PERCUSIÓN**

O alumno interpretará tres obras que o tribunal elixirá entre estas cinco abarcando así os instrumentos de percusión mais relevantes no estudo en grao elemental.

#### OBRAS ORIENTATIVAS

Caixa :	estudio nº 15
Marimba:	Bauern - Tanz
Timbal:	estudio nº 2 . Peters
Batería:	exercicio nº 16 parte 2
Multipercusión:	stave off staves

### PARTE II

#### **PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o

La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.